



XXII XORNADAS DE TECNOLOXÍA

IES Francisco Daviña Rey
Monforte de Lemos

13 e 14 de marzo de 2026



XXII Xornadas de Tecnoloxía

Monforte de Lemos



Organiza



Asociación
do Profesorado
de Tecnoloxía
de Galicia

13 e 14 de marzo de 2026
IES Francisco Daviña Rey

XXII XORNADAS DE TECNOLOXÍA

Venres 13 e sábado 14 de marzo de 2026

PRESENTACIÓN

A **Asociación do Profesorado de Tecnoloxía de Galicia**, APETEGA, comprácese en convidarvos a participar das **XXII XORNADAS DE TECNOLOXÍA DE GALICIA** a celebrar no IES Francisco Daviña Rey o 13 e 14 de marzo de 2026.

OBXECTIVOS

- Intercambio e divulgación de experiencias didácticas, material de aula e proxectos relacionados coa área de Tecnoloxía.
- Iniciación e afondamento práctico nos distintos ámbitos da área de Tecnoloxía: materiais, estruturas, mecanismos, electrónica, domótica, IoT, IA, etc.
- Aumento da intercomunicación educativa para a mellora na calidade do ensino público.

CONTIDOS

- Técnicas didácticas de aplicación práctica na aula-obrairo. Experiencias innovadoras para a práctica docente na área.
- Maker Maxia, utilización da impresora 3D e da cortadora láser na elaboración de proxectos de estruturas e mecanismos.
- Domótica (*ecosistema Matter*), ciberseguridade (técnicas OSINT), MicroPython, Micro:Bit (observatorio de Eclipses), EchidnaShield (práctica con Learning ML).
- Ferramentas IA (NotebookLM, Gamma, GPT4ALL, n8n...), creación de ChatBots educativos, a IA nos xogos de mesa (Go, Cotadrez).

METODOLOXÍA

- Obradoiros prácticos, comunicacións e exposición de proxectos.

IMPORTANTE

- Calquera pode participar impartindo obradoiros, facendo unha comunicación, traendo proxectos para expoñer, etc.
- Está solicitada a homologación das Xornadas á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria por un total de 12 horas.
- Agradecemos a inscrición con antelación coa fin de facilitar a organización.
- Colgarase información detallada de utilidade na web de APETEGA, na sección sobre as Xornadas (<https://www.apetega.gal/gl/novas/2026/xxii-xornadas-de-tecnoloxia>).
- O profesorado dependente da Consellería de Educación, en virtude da [Orde do 29 de xaneiro de 2016](#), pode a través da dirección do centro solicitar a xefatura territorial autorización para asistir entregando esta [solicitud dixital](#).
- Para calquera dúbida ou suxestión, escribir a asociacionapetega@gmail.com.

Programa

Venres 13 de Marzo


10:00 - 12:00	Visita a empresas do polígono industrial de Monforte: Fenestra e Ramiro Vila S.L.
12:00 - 12:30	Café
12:30 - 14:00	Visita a Muferga (museo do ferrocarril)
14:00 - 16:00	Xantar
16:00 - 17:00	Conferencia: "Historia do patrimonio industrial ferroviario", por Luís Blanco
17:00 - 18:00	Conferencia: "The Wall, o primeiro videoxogo Galego", con Álex González
18:00 - 18:30	Aula aberta: compartindo ideas e proxectos
18:30 - 20:00	Obradoiros (1ª Quenda)

Nota: as visitas da mañá non forman parte das horas homologadas pero pode pedirse permiso a inspección para participar nelas. A solicitude estándar está na web de Apetega.

Sábado 14 de Marzo

10:00 - 11:30	Obradoiros (2ª Quenda)
11:30 - 12:00	Aula aberta: compartindo ideas e proxectos
12:00 - 13:30	Obradoiros (3ª Quenda)
13:30 - 14:30	Asemblea de APETEGA (socios de APETEGA)
14:30 - 16:00	Xantar
16:00 - 17:30	Obradoiros (4ª Quenda)
17:30 - 18:00	Aula aberta: compartindo ideas e proxectos
18:00 - 19:30	Obradoiros (5ª Quenda)
19:30 - 20:00	Clausura das Xornadas

Nota: o prezo dos xantares e da cea non están incluídos na cota de inscrición das Xornadas nin nas cotas de alta e/ou renovación como soci@s, polo que terá que ser aboado a maiores por tod@s aquel@s que queiran participar neles.



Asociación do Profesorado de Tecnoloxía de Galicia
asociacionapetega@gmail.com
contacto@apetega.gal



IES Francisco Daviña Rey
ies.francisco.davina@edu.xunta.es